

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE A ASOCIACIÓN CULTURAL COLECTIVO XELMÍREZ PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela

### REUNIDOS

**Don Román Rodríguez González**, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, publicado no DOG número 242, do 1 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

**Don Manuel Portas Fernández**, con DNI 35441356N, presidente da Asociación Cultural Colectivo Xelmírez, con CIF G15215502, e domiciliada na Rúa Poza de Bar s/n en Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación desta entidade a teor das facultades que lle outorgan os seus estatutos, o seu nomeamento como presidente de dita asociación de data 9 de xaneiro de 2014, e en base ao acordo, adoptado pola xunta directiva da asociación na súa reunión extraordinaria celebrada o día 20 de febreiro de 2014, que se elevou a documento público, ante o notario de Santiago de Compostela Don José Manuel Amigo Vázquez o 21 de febreiro de 2014, co nº de protocolo 481.

### EXPOÑEN

1. Que de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega



correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.

**2.** Que no ámbito da Administración Autonómica de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega. Que para este efecto, para poder actuar en todos os ámbitos sociais debe colaborar na medida do posible coas diversas institucións e entidades que operan dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.** Que a Asociación Cultural Colectivo Xelmírez nace no ano 1988, ao abeiro do Instituto Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela, promovida por un colectivo de profesores/as e alumnado, para levar a cabo actividades de tempo libre e proxectos de investigación e innovación educativa.

**4.** Que a Asociación Cultural Colectivo Xelmírez é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2005/9181, que representa a un importante colectivo que participa activamente na difusión da cultura galega, promovendo iniciativas para que a realidade de Galicia sexa cada día máis coñecida na propia Galicia, en España e en Europa. Entre os seus fins figuran os de promover a lingua e literatura galegas, así como a difusión e proxección da lingua e da literatura propias de Galicia, utilizando a lingua galega nas súas manifestacións públicas, comunicados e difusión. Que así mesmo, esta asociación procura a coexistencia pacífica coa lingua castelá e a súa vez promove unha visión rica na aprendizaxe de linguas estranxeiras.

**5.** Que as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de



incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

**6.** Que así mesmo, as partes queren colaborar no Plan de dinamización da lingua galega na mocidade co que se pretende mostrar á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar así o seu uso neste colectivo, para o cal o citado plan incluírá medidas conducentes a incrementar a súa presenza nos espazos nos que se move a mocidade, así como a oferta de actividades e produtos en galego en áreas como o deporte, o asociacionismo, o lecer, a cultura, o ensino, a tecnoloxía ou o emprego.

**7.** Que o proxecto que presenta a citada asociación é único, e a singularidade e características das actividades a desenvolver ao abeiro do convenio, na actualidade, só as realiza esta asociación polo que non resulta posible promover a concorrencia pública para a súa realización.

**8.** Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a citada asociación son conscientes da importancia do cumprimento do establecido sobre normalización lingüística e da responsabilidade que nesta materia teñen todas as entidades e institucións galegas na consecución dun interese e un obxectivo común que é o de promover e fomentar o uso da lingua galega. Nesta liña, as dúas partes manifestan a súa vontade de asinar un convenio de colaboración durante o ano 2022 de acordo coas seguintes

## ESTIPULACIÓNS

### Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Asociación Cultural Colectivo Xelmírez



para dinamizar o proceso normalizador, levando a cabo unha serie de actuacións nas materias de normalización lingüística que se describen na cláusula segunda.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a conseguir que a presenza do galego sexa cada vez maior entre o alumnado galego non universitario, polo importante papel que a mocidade desempeña como transmisores xeracionais do noso idioma.

### **Segunda.- Obrigas da Asociación Cultural Colectivo Xelmírez**

Mediante a sinatura deste convenio a asociación, comprométese a realizar en lingua galega as seguintes actuacións:

- Edición do Premio Banda deseñada "AX1"

A través deste concurso, aberto á participación de estudantes de ensinanza secundaria, bacharelato e ciclos formativos de toda a comunidade autónoma galega, procurarase o fomento do lingua galega e a creatividade entre o alumnado galego a través da banda deseñada. Poderá participar todo o colectivo de estudantes de Galicia, en dúas categorías diferenciadas por idades: alumnado de entre 12 e 16 anos e, alumnado de 16 anos en diante. O tema será de libre elección e presentarán os seus traballos en lingua galega.

- Edición do Premio de Ensaio Subversivo "Guillermo Domínguez"

Con este premio bríndaselle homenaxe á figura do profesor de Filosofía do IES Arcebispo Xelmírez, Guillermo Domínguez.

Este concurso ábrese á participación de estudantes de ensino secundario de toda a comunidade autónoma galega, matriculados nos niveis de segundo ciclo da ESO ou no Bacherelato, que presentarán os seus traballos en lingua galega e axustaranse ao concepto literario de ensaio. Así mesmo o tema será libre, único, orixinal e inédito.

- Organización do X aniversario do Premio Banda deseñada "AX1" e do Premio de



Ensaio Subversivo "Guillermo Domínguez", editarán en galego a Revista Primeiros Premios Banda deseñada "AX1" e a Revista Primeiros Premios "Guillermo Domínguez".

A Asociación comprométese a realizar as actividades citadas, porén, no suposto de que a situación de excepcionalidade sanitaria e saúde pública producida pola COVID-19 continuase e, a entidade tivera que cambiar a data (dentro da vixencia do convenio) ou o formato de algunha das actividades contempladas nesta estipulación, terá que solicitalo telematicamente a esta Secretaría Xeral para que a modificación sexa autorizada polo Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

Así mesmo, se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades contempladas nesta estipulación, esta modificación ou cambio se instrumentará mediante a correspondente addenda.

### **Terceira.- Asesoramento lingüístico**

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a facilitarlle, cando sexa preciso, á asociación o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

### **Cuarta.- Financiamento**

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **10.177,52 €**, importe que será sufragado coa seguintes achegas:

-A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará na realización das actuacións previstas na estipulación segunda cunha achega de **7.500,00 €**, cantidade na que se inclúen todos os impostos con cargo á partida orzamentaria 10.50.151A.640.6 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

- A asociación colaborará coa cantidade restante de **2.677,52 €**.



Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e o uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

#### **Quinta.- Xustificación e pagamento**

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a cantidade que achega, a asociación presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2022, a seguinte documentación:

- Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa implantación. Esta xustificación realizarase mediante as correspondentes facturas.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- No caso de que se publiquen traballos entregarase nesta Secretaría Xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.
- No suposto de premios en metálico, a asociación deberá presentar documento acreditativo asinado polo titor/a legal do menor conforme recibiu un premio en metálico, especificando nese documento a retención que corresponda polo imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).



No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30% do importe total do convenio.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A asociación facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións fiscalización e control.



### **Sexta.- Utilización da lingua galega**

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación, será considerada causa específica de resolución deste convenio.

### **Sétima.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

### **Oitava.- Difusión da colaboración das partes**

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio.



### **Novena.- Vixencia**

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2022. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

### **Décima.- Comisión de Seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha Comisión de Seguimento composta por dous representantes de Política Lingüística nomeados polo seu titular e dous representantes da asociación. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución.

### **Décimo primeira.- Causas de resolución**

Este convenio resolverase:

1. Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos.
2. Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De se denunciar o convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade pode, se é o caso, esixir a devolución da cantidade achegada.

### **Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións**

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin



indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **Décimo terceira.- Avaliación de resultados**

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

#### **Décimo cuarta.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

#### **Décimo quinta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.



Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

#### **Décimo sexta.- Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

#### **Décimo sétima.- Normativa aplicable e xurisdición**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e  
Universidade

Román Rodríguez González

O presidente da Asociación  
Colectivo Xelmírez

Manuel Portas Fernández

